

Queridas familias:

O venres 10 de novembro imos celebrar “**O magosto**” na escola de **Fornelos** (en caso de choiva se anunciaría unha nova data).

Para iso precisamos da vosa axuda e colaboración, aportando:

- **Carozos, piorno, piñas...** (O podedes ir levando durante toda a semana as vosas aulas).
- **Castañas xa picadas.** (Mellor uns días antes do magosto)
- **A merenda,** con alimentos e comidas típicas do outono (a ser posible xa cortados). (O Claustro de Mestres aportará chourizos e pan).

E tamén precisamos de **voluntarios para facer a fogueira** e asar as castañas. (As persoas dispostas que llo comuniquen as titoras).

Como en anos anteriores distribuímos os materiais para a fogueira e os alimentos por escolas:

- **Escola de Fornelos** → Bebidas e Carozos
- **Escolas de Novás, Paradela e Marzán** → Alimentos Salgados e Carozos
- **Escola de Pías e Couso** → Alimentos Doces e Piñas e Piorno

A hora de **entrada** será a partir das **09:00h** na escola de **Fornelos**.

As familias poderán asistir e participar desta festa a partir das **12:30h**.

Entre ás **13:30 e as 14:00h**, as familias poderán **recoller** aos seus fillos e fillas previo aviso as titoras.

Dende o CRA vos invitamos a que colaboredes e participedes.

Un saúdo e moitas grazas.

O Equipo de actividades extraescolares e complementarias.